

SUXEITO E PREDICADO

O suxeito é a parte da oración que di quen realiza a acción ou a quen lle sucede algo. O núcleo do suxeito é o nome.

O predicado é a parte da oración que nos di o que fai o suxeito, tamén como é ou como está. O núcleo do predicado é o verbo.

Exemplo: O can pasea polo campo
 suxeito predicado

1. Sinala o suxeito e o predicado nas seguintes oracións:

- A ega corre nunha carreira de cabalos.
- O meu irmán come pouca froita.
- A televisión está estropeada.
- Unha velliña vende castañas durante o magosto.
- Xoán ten doce anos máis ca min.

O suxeito e o predicado dunha oración deben concordar sempre en xénero e número.

2. Escribe un predicado que concorde para cada un destes suxeitos:

- O neno.....
- Un animal
- Paula García
- O home de marrón
- As películas

3. Corrixe as oracións que non concorden:

- O xogo era moi aburrida
- As miñas cousas está na túa bolsa.
- Nós escoito música clásica.
- Onte el queríamos ir ao cine.
- Esta tarde nós ten un exame.
- Sabela e ti non sabes a lección.